

INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA AOS CORPOS DE XESTIÓN E TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA EN GALICIA

(Ordes PJC/104/2024 de 31 de xaneiro e PJC/150/2024 de 19 de febreiro)

As probas, tanto para o corpo de xestión como de tramitación, desenvolveranse na EGAP, en Santiago de Compostela.

Todas as persoas inscritas no proceso van pola quenda libre. Non constan adaptacións autorizadas.

O persoal opositor que se presenta ao **corpo de tramitación procesual e administrativa** deberá dirixirse á **AULA 11** (primeiro andar) e os que se presentan ao **corpo de xestión procesual e administrativa** á **AULA 2** (planta baixa).

As probas desenvolveranse da seguinte forma:

1. Apertura das portas ás 8:30 h. **NON ESTÁ PERMITIDO O ACCESO Á EGAP DE ACOMPAÑANTES DO PERSOAL OPOSITOR**, que deberán permanecer fóra.
2. A partir das 9:00 h, quen o desexe, pode comezar a entrar na aula para o que debe ter preparado o DNI. **QUEN ACCEDA Á AULA NON A PODERÁ ABANDONAR SALVO CAUSA XUSTIFICADA.**
3. Entre as 9:30 h e as 10:00 h, lectura das instrucións particulares e apertura das caixas de exame por parte do Tribunal. Solicitarase para proceder á apertura que dúas persoas opositoras voluntarias comproben que as caixas están precitadas.
4. A partir das 10:00 h comezará o primeiro e único exercicio.

IMPORTANTE! A hora de comezo é aproximada xa que deben estar todas as sedes preparadas. O exame comeza ao mesmo tempo en todo o territorio do Estado. Prégase que o persoal opositor o teña en conta porque non estará permitido saír da aula unha vez sentado, salvo por causa de forza maior.

Non se poderá abandonar a aula durante os primeiros 10 minutos nin durante os 10 últimos minutos do exercicio.

5. Finalización das probas. Cada opositor separará a última folla "copia del opositor" e agardará á recollida das follas de resposta polo persoal de vixilancia.

Non se poderá abandonar a aula ata que sexa indicado polo responsable da aula.

MATERIAL NECESARIO:

- DNI
- Bolígrafo negro ou azul

INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA AOS CORPOS DE XESTIÓN E TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA EN GALICIA

(Ordes PJC/104/2024 de 31 de xaneiro e PJC/150/2024 de 19 de febreiro)

QUEDA PROHIBIDO:

- A presenza de acompañantes dentro da EGAP durante o desenvolvemento das probas salvo necesidades especiais puntuais.
- O emprego de AUDÍFONOS salvo xustificación da necesidade.
- O emprego de TAPÓNS para mitigar os ruídos.
- Levar o cuestionario de preguntas antes de finalizar o exercicio.
- Os teléfonos móbiles e reloxos intelixentes deben estar apagados e gardados, nunca encima da mesa. Se durante o desenvolvemento da proba sona algún dispositivo, a persoa opositora será, en todo caso, expulsada da proba.

OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE

- 1. NECESIDADES ESPECIAIS PUNTUAIS.** Os aspirantes que, por motivos puntuais e debidamente xustificados, necesiten ausentarse, levantarse ou moverse durante a realización dos exercicios, deberán poñelo en coñecemento do Tribunal, antes de comezar as probas. Nestes casos, permitiráselles recuperar o tempo.
Nestas situacións atópanse os casos das mulleres de maternidade recente cun fillo ou filla lactante. Habilitarase un espazo onde a persoa de confianza da muller achegue ao bebé para que esta poida aleitalo e un vixiante controlará o tempo empregado para iso.
- 2. PUBLICACIÓN DAS PLANTILLAS.** O Ministerio de Xustiza publicará a plantilla provisional de respostas no prazo de 72 horas, e os resultados do exame na páxina web.
- 3. CERTIFICADO DE ASISTENCIA.** Quen necesite certificado de asistencia para o mesmo día das probas debe comunicarllo aos vixilantes dentro da aula, facilitando o DNI para facer o certificado. O resto de certificados de asistencia colgaranse na web do Ministerio 10 días despois da publicación da lista de aprobados.